

MOCIÓN PARA A URBANIZACIÓN DE VIAIS CONSIDERADOS COMO CONSOLIDADOS NO PXOM DO CARBALLIÑO.

O Grupo Municipal do Partido Popular, con C.I.F. V32381824 e representado polos seus Concelleiros/a no Concello do Carballiño, e con domicilio a efectos de comunicación en rúa Cánovas del Castillo 2, 1º do Carballiño, ao amparo do disposto no artigo 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete ao Pleno da Corporación Municipal para a súa consideración se procede, a presente **MOCION AO PLENO** que deberá de incluírse expresamente como punto da orde do día da primeira sesión que se convoque.

Exposición de Motivos

Son varias as rúas do Carballiño, que estando consolidadas no vixente PXOM, continúan sen estar completamente executadas, a pesar de que consta a vontade dos veciños de ceder de balde ao Concello os terreos afectados, e que mesmo os proxectos xa se redactasen no período 2011-2015. Concretamente trátase das rúas Costa Rica e San Amaro, cuxos proxectos se executaron ao mesmo tempo que o da rúa Ben-Cho-Sey, vial que si foi executado no seu día.

Poderíamos falar tamén da ampliación da rúa no fondo de Flores onde se forma un estreitamento entre as rúas Aquilino Sánchez e Alexandre Bóveda, ou tamén da rúa Saleta. Non pode ser que rúas como estas, que xa deberían urbanizarse no momento da aprobación do PXOM ao ser consideradas como consolidadas, continúen a día de hoxe sen executar e sen perspectivas de que se poida facer a curto prazo, a pesar de que, como dicimos, os propietarios veñen reclamando a súa urbanización e xa mostraron a súa vontade de ceder os terreos necesarios de forma gratuíta.

Desde o Grupo Popular vimos insistindo na necesidade de urbanizar xa estas rúas, tanto para rematar as obrigacións que impón o PXOM como para favorecer a mobilidade no centro urbano, pero a realidade é que o proceso está paralizado pola esixencia de requisitos aos propietarios para levar a cabo estas cesións, requisitos que nalgúns casos supoñen custos superiores aos 10.000 euros, e que loxicamente os propietarios non están dispostos a asumir. En resumo, a esixencia deses requisitos supón que os veciños, para regalar os terreos ao Concello, vense obrigados ademais gastar un diñeiro que mesmo, nalgunhas ocasións, non teñen.

Desde o Partido Popular entendemos que, aínda que cada rúa ten as súas propias características, en todas elas é factible aceptar de forma practicamente automática a cesión que

os propietarios queren facerlle de balde ao Concello, pois para que unha propiedade privada destinada a vial no plan de urbanismo convértase en dominio público municipal, simplemente fai falta o acto de entrega e aceptación entre particular e administración, motivada por unha segregación.

E por iso sométese a votación do pleno o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Que o Concello do Carballiño reúna aos propietarios das rúas Costa Rica e San Amaro, viais que constan como consolidados no PXOM e que a día de hoxe están sen urbanizar, para que, no caso de que todos eles estean en disposición de ceder de balde os terreos, procedáse a realizar os trámites precisos para levar a cabo as cesións necesarias para a execución das obras de urbanización, sen custo algún para os propietarios.

SEGUNDO: Que se utilice a mesma fórmula para darlle o ancho preciso conforme ao PXOM aos viais que considere preciso.

TERCEIRO: Que nos orzamentos do ano 2020 se habiliten as partidas necesarias para que se execute a urbanización destas dúas rúas e daquelas outras que se atopan na mesma situación.

Sen outro particular, agradecendo a súa atención, no Carballiño ao 15 de novembro de 2019.


Asdo.: Ricardo J. Perea Fernández



Celso Carballal Gómez



Argimiro Marnotes Fernández



Lidya Giselle Almonte Polanco



**Á ATENCIÓN DO SEÑOR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DO
CARBALLIÑO**